



CONCELLO DE RÁBADE

Praza do 28 de maio, S/N 27.370 Rábade - LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

(BOP N° 136, de 14 de xuño de 2008)

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS POLO CONCELLO DE RÁBADE

Exposición de motivos:

Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Dende a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade relevante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices de política orzamentaria. A política orzamentaria actual está orientada polos criterios de estabilidade e crecemento económico pactados polos países da Unión Europea, que, ademais, en España encontraron expresión normativa nas Leis de estabilidade orzamentaria. Esta orientación da política orzamentaria seguiu un proceso de consolidación das contas públicas ata a eliminación do déficit público e propónse manter, no sucesivo, o equilibrio orzamentario.

Definido o marco xeral de equilibrio orzamentario que lle impide ás Administracións Públicas, entre elas a Administración Local a gastar máis do recaudado e lle impele a gastar mellor, é necesario descender a unha esfera microeconómica para trasladar os principios rectores da Lei de Estabilidade Orzamentaria ós distintos componentes do orzamento. E por elo, que en cumprimento desas ideas forzas e co obxectivo de ceñirse ó disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións o Concello de Rábade aproba a presente Ordenanza Reguladora de Subvencións.

Art. 1. Obxecto:

É obxecto da presente ordenanza estruturar e fixar os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións a Entidades, Organismos ou particulares cujos servicios ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Considerase subvención calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, que outorgue o Concello e, entre eles, as becas, primas, premios e demais gastos de axuda persoal.

Art. 2. Previsión Orzamentaria:

As subvencións concedidas conforme ó disposto na presente ordenanza, outorgaranse con cargo ás correspondentes partidas que, a este efecto, se fixen con carácter anual nos orzamentos municipais.

Art. 3. Criterios Xerais:

- a) As subvencións terán carácter voluntario e eventual e a súa concesión non implica obrigatoriedade por parte do Concello e non crea dereito nin establece precedente algún para futuras concesións.
- b) A Corporación poderá revocalas ou reducilas en calquera momento, salvo cláusula en contrario.
- c) Non será esixible aumento ou revisión da subvención.
- d) Non se concederán subvencións para finalidades que o Concello pode cumprir por si mesmo con igual eficacia e sen maior gasto có representado pola propia subvención.
- e) As subvencións outorgáranse con arreglo ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, igualdade; Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante; Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Art. 4. Peticionarios:

Poderán solicitar subvencións obxecto da presente ordenanza, calquera persoa física ou xurídica que cumpra os seguintes requisitos:

4.1.- Entidades:

a) Que a Sede Social se halle en Rábade, desenvolvéndose, prioritariamente o exercicio da súa actividade neste Municipio e atopándose inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, no Rexistro Municipal de Asociacións ou de Veciños. Excepcionalmente eximiranse de cumprir dito requisito as asociacións ou entidades que a xuízo do órgano competente tales Asociacións desenvolvan labores de recoñecido e marcado carácter educativo, cultural ou benéfico.

b) Que se encontren constituídas sen ánimo de lucro.

c) Que poidan acreditar documentalmente atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social, á data de solicitude da subvención.

d) Haber xustificado as subvencións concedidas en ocasións anteriores polo Concello de Rábade.

4.2. Persoas físicas: deberán estar empadroadas en Rábade e presentar a documentación que para cada tipo de axudas se estableza nestas ordenanzas e nos acordos ou resolucións que se dicten ó respecto polo Concello.

Art. 5. Modalidades e actividades obxecto de Subvención.

Establecese os seguintes tipos de subvencións:

- Procedemento en réxime de concorrencia competitiva .- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva. A estes efectos terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, có límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación dos citados criterios. Neste suposto a proposta de concesión formulárase ó órgano concedente por un órgano colexiado designado. A composición do órgano colexiado será a que establezan as seguintes bases reguladoras.

- Procedemento de concesión directa .- Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:
 - a. As previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
 - b. Aquelas cuio outorgamento ou cuantía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirá o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
 - c. Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten súa convocatoria pública.

O que figuren no Orzamento Xeral municipal desta forma non significa, sen embargo, que o beneficiario teña dereito a súa percepción, senón unicamente o importe máximo da subvención que poida outorgarlle o Concello. En todo caso, precisarase a adopción do acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a cuantía e as condicións nas que se concrete a subvención.

Nos casos en que se proceda á concesión directa de subvencións darase traslado da correspondente resolución aos grupos políticos municipais, para seu coñecemento e correspondentes efectos.

En ningún caso, poderán outorgarse subvencións por cuantía superior a que se determine na convocatoria.

Art. 6. Criterios de valoración.

Para a concesión das subvencións, e en orden de fixar a cuantía das mesmas, valorárase a maior ou menor concorrencia na solicitude presentada, das seguintes condicións, según se trate de:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia a desenvolver a actividade e o programa proposto.
- A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiación, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.
- A orixinalidade do programa e da actividade a desenvolver.
- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade.

- A viabilidade técnica e económica do programa e das actividades proxectadas.
- Aqueles outros que polas peculiares características do acto ou programa que se trate, se aprecien polo órgano resolutor.

Art. 7. Documentación a presentar.

1.- As solicitudes dirixiranse á Alcaldía, presentáranse no Rexistro Xeral do Concello.

2.- As entidades deberán acompañar á solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante.
- b) Proxecto da actividade concreta o programa a desenvolver, no que se especifiquen os obxectivos, participantes, datas e lugar de celebración.
- c) Orzamento detallado de ingresos e gastos, con indicación dos medios financeiros previstos (cuotas, donativos).
- d) Declaración xurada do representante da entidade relativa a identidade dos membros do seu órgano directivo e sobre o número de socios.
- e) Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social.
- f) Certificado expedido pola administración municipal de non ter débedas pendentes co Concello de Rábade.

Se as solicitudes non reunisen os datos esixidos ou non viñeran acompañadas da documentación necesaria, requirirase ó interesado que no prazo de dez días, contados a partir do seguinte á recepción da petición, subsane as deficiencias, advertíndolle que, en caso contrario, desestimárase a súa solicitude de subvención por defecto de forma.

Art.8 . Prazo de presentación de solicitudes.

As instancias solicitando as subvencións estableceranse nas Bases que regulen a convocatoria de subvencións. Bases que deberán ser aprobadas pola Alcaldía.

Art. 9. Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- a. Cumprir o obxectivo, executa-lo proxecto, realiza-la actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b. Xustificar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello así como calesquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicarlle ó órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- f. Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se halla o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social , na forma que se determine.
- g. Dispoñer dos libros contables, estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantilo adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h. Conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i. Adopta-las medidas de difusión do feito de que a actividade se encontra subvencionada polo Concello de Rábade que se determinen na convocatoria.

- j. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos de mal uso.

Art. 10. Xustificación da subvención

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais correspondentes, nun prazo inferior os tres meses dende a finalización do programa ou actividade subvencionada, a seguinte documentación:

- 1.- Memoria explicativa das actividades realizadas, con indicación dos obxectivos alcanzados e a súa correspondente avaliación.

- 2.- Facturas orixinais e fotocopia das mesmas, ó obxecto da súa comprobación polos Servizos Municipais devolvéndose posteriormente os orixinais ó peticionario. A estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas. Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos ós que se concedeu a subvención.

3. - Balance de ingresos e gastos.

- 4.-Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada, debendo constar en tales exemplares o patrocinio do Concello de Rábade.

- 5.- Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras Institucións se non puideran aportarse no momento de solicitude da subvención ante esta Corporación.

- 6.- No caso de que non se houbera gastado total ou parcialmente a subvención concedida ou non se houbera destinado os fins previstos, deberá reintegrarse nas arcas municipais.

- 7.- Cando se realicen pagos a Entidades que teñan que presentar declaración de I.V.A. a xustificación deberá vir acompañada da correspondente factura ou duplicado da mesma.

Art. 11. Réxime sancionador.

En todo o que respecta ó réxime sancionador estarase o disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- O órgano competente para o outorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, podendo solicitar en calquera momento, as explicacións ou documentación que considere oportunas.

SEGUNDA.- Será competencia da Alcaldía a interpretación e resolución das dúbidas que da presente Ordenanza puideran resultar.

TERCEIRA.- No suposto de que a entidade beneficiaria disolva con anterioridade á data na que teñen a obriga de presentar a pertinente xustificación aplicarase o disposto no artigo 19 da Lei 3/1998, de 12 de Febreiro de Asociacións .

CUARTA.- A concesión das subvencións a que se refire a presente Ordenanza no implicará relación contractual algunha de carácter civil, laboral, administrativo o de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

QUINTA.- Quedan excluídas desta Ordenanza as subvencións que puidera outorgar o Concello de Rábade e tiveran seu fundamento en Convenios ou decisións específicas subscritas entre o Concello e outras Administracións Públicas ou Institucións de todo tipo. Así mesmo non será de aplicación ás subvencións que poida outorgar lo Concello para a execución de programas ou actividades de iniciativa municipal en materias da súa competencia, sempre que sexa conforme á legalidade o seu outorgamento.

Rábade, a 6 de xuño do 2008.

O Alcalde,

Asdo. Francisco Xosé Fernández Montes.